

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da presente resolución, para emenda-lo defecto que motivase a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non corrixan os defectos motivo da exclusión serán definitivamente excluídos.

Os aspirantes que non figuren na lista de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo, co obxecto de formular reclamación.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2002.

Belén Prado Sanjurjo
Directora xeral da Función Pública

ANEXO

Nome	DNI	Exclusión
Pérez López, Vicente Ángel	32613095-S	22
Román Fernández, Carlos	32761498-E	53, 55
Sánchez González, José María Enrique	35962808-P	10

Causas de exclusión:

10 Instancia fóra de prazo.

22 Taxas aboadas fóra de prazo.

53 Falta do DNI ou DNI incorrecto.

55 Non cumprir ou acredita-lo requisito de titulación.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 12 de xuño de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir como profesor de música e artes escénicas nas especialidades de piano, contrabaixo e gaita galega.

Especialidade: piano.

Titulacións:

-1º título de grao superior.

-2º título de grao medio.

Ámbolos dous do instrumento correspondente.

Especialidade: contrabaixo.

Titulacións:

-1º título de grao superior.

-2º título de grao medio.

Ámbolos dous do instrumento correspondente.

Especialidade: gaita galega.

Titulacións: un título superior de calquera instrumento e + título de grao medio de gaita galega, do plan de estudos 1966 ou LOXSE.

O prazo para presenta-la instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG.

O baremo de contratación e o modelo de solicitude encóntrase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Con-

sellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 12 de xuño de 2002 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Convocada pola Orde do 24 de abril de 2002 (DOG nº 90, do 10 de maio de 2002), a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das facultades que lle confire o artigo 15.4º da devandita lei,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde, anunciada pola Orde do 24 de abril de 2002 (DOG nº 90, do 10 de maio de 2002).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, ó persoal que se relaciona no anexo a esta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. De non estima-la interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2002.

José Mª Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Apelidos e nome: Mosquera Cobián, Mª Josefa.
N.R.P.: 3244951135 A2053.

Grupo: D.

Nivel C.D.: 16.

Posto de traballo: secretaria da directora provincial.

Dependencia: Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde.

Localidade: A Coruña.